

Escrito por

Venres, 22 Xuño 2012 22:05



O IEM organiza no vindeiro mes de setembro o Curso da Universidade Internacional Menéndez Pelayo: "[Dende o badal ao clic. A construción das novas sociedades rurais galegas](#)". O mesmo terá lugar os días 6-8 de Setembro de 2012, na Aula de Cultura Ponte de Rosas. Os interesados en inscribirse se deben comunicar ao teléfono 986 360 575 (18 a 22 horas) ou a través dos correos electrónicos:

oficina@minhor.org

/

direccion@minhor.org

.

Obxectivos do curso:

Preténdese dar unha visión global da evolución das sociedades rurais nos seus aspectos organizativos, representativos, culturais, demográficos, lingüísticos, ... dende as formas de poboación antigas ata a complexidade das sociedades modernas.

Por outra banda, tamén se analizará como a complexidade propia das urbes se está a exportar

Escrito por
Venres, 22 Xuño 2012 22:05

ós pequenos núcleos de poboación e que consecuencias está a ter na convivencia inter e intrapobos. Como se están modificando os hábitos, os costumes, as formas de vida, o hábitat, os servizos e, en definitiva, como van mudando os valores desas sociedades, en teoría menos evolucionadas, que son as aldeas do noso país.

Temario:

A incorporación dos novos urbanitas ao medio rural.

Cambios sociais e participación nas estruturas rurais.

A organización territorial no rural.

Evolución histórico-social, política e administrativa.

A toponimia no rural.

Transformación ou substitución.

O Municipalismo nas novas sociedades rurais e periurbanas.

Accións de futuro

[Preme aquí para descargar o programa completo.](#)

Escrito por
Venres, 22 Xuño 2012 22:05

Créditos universitarios:

Universidade de Santiago de Compostela: 1

Universidade de Vigo: 1

Universidade d'A Coruña: 2

Inscripcións:

IEM. Ave. da Feira, 10 Baixo. 36380 Gondomar

Tel.: +34 986 360 575 | direccion@minhor.org

www.minhor.org

Director do Curso:

José Eladio Ferro Fontenla

Licenciado en Psicoloxía e en Pedagogía

Titular da área de Sobredotación e Altas Capacidades

Escrito por
Venres, 22 Xuño 2012 22:05

Secretario:

Carlos Méixome Quinteiro

Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación

Profesor de Xeografía e Historia no Ensino Secundario

Organiza:

Instituto de Estudos Miñoranos (IEM)

Colaboran: Concello de Gondomar - Concello de Tomiño